

BASES CONCURSO título: “Pon a Educación Ambiental no teu proxecto”

Dende o XIV Seminario de Entidades de Educación Ambiental no CENAM e en colaboración coa Federación de Entidades de Educación Ambiental-FEEA, convócase un concurso de proxectos nos ca Educación Ambiental forme parte do eixo central e transversal dos mesmos.

Bases da Convocatoria:

1. Obxetivos:

- Recoñecer e impulsar iniciativas de educación ambiental que promovan actitudes e comportamentos respetuosos e comprometidos co medio ambiente.
- Reactivación e visibilización das asociacións de educación ambiental.

2. Dotación:

Establécense dúas categorías de axudas:

- PRIMEIRO PROXECTO SELECCIONADO: Deberá executar o programa
 - o 1.500 euros
 - o Diploma acreditativo.
 - o Subvención da cota de socio da entidade e/ou asociación de educación ambiental da Comunidade á que perteneza o gañador/a.
- SEGUNDO PROXECTO SELECCIONADO: Non deberá executar o programa
 - o Pago da participación nun evento relacionado coa formación e/ou divulgación da Educación Ambiental no ámbito de residencia do titular do proxecto ata un máximo de 100€
 - o Diploma acreditativo.
 - o Subvención da cota de socio da entidade e/ou asociación de educación ambiental da Comunidade a que perteneza.

3. Destinatarios:

Membros de entidades e/ou organizacións relacionadas coa EA e persoas afíns á educación ambiental a nivel estatal.

4. Solicitudes:

Os interesados poderán presentar a solicitude e a documentación ata o 15 de xaneiro do 2014.

Resolverase o 20 de xaneiro do 2014.

Farase entrega dos premios o 26 de xaneiro do 2014.

Bases concurso “Pon la Educación Ambiental en tu proyecto” Federación de Entidades de Educación Ambiental (FEEA) y Seminario de Entidades de EA-CENEAM



A entrega dos premios realizarase pola asociación de educación ambiental máis próxima á residencia dos premiados.

A documentación que se deberá aportar é:

- Nome do proxecto.
- Proxecto detallado onde se reflicta a idoneidade da actuación (beneficios educativos e ambientais) ata un máximo de 5 folios.
- Recursos materiais e humanos.
- Características técnicas da execución.
- Data de realización da experiencia, que debe ser entre o 26 de xaneiro e o 30 de setembro do 2014.
- Así como se dispón doutras axudas para a súa realización.

Datos identificativos do proxecto:

- Nome da persoa co presenta.
- Dirección de correo electrónico.
- Teléfono de contacto.
- Lugar de residencia.

As bases estarán dispoñibles nas asociacións de EA colaboradoras, CENEAM, FEEA....

Todo solicitante, polo feito de participar, acepta claramente as bases e a decisión do xurado.

As **solicitudes** enviaranse a: feea@educadoresambientales.com

As persoas que reciben os proxectos codificaránnos para pasárllos ao xurado, de xeito que sexan anónimos na súa votación, e absteranse de votar.

O **xurado** estará formado por:

- Un membro de cada unha das asociacións que participaran no Seminario de Entidades de Educación Ambiental ao longo das súas XIV edicións.
- Unha persoa da Xunta Directiva da Federación de Entidades de Educación Ambiental. Esta persoa terá voto de calidade (voto dobre para o caso de empate).
- Cada asociación terá un voto.